



**Comité Intercentros  
Universidade de Vigo**

No Pleno do Comité Intercentros, celebrado os días 15 e 22 de setembro de 2005, acordouse por unanimidade solicitar á xerencia que vostede dirixe a execución do concurso de traslados para todas as categorías agás a de técnico especialista de biblioteca e as incluídas no grupo IV.

Este órgano de representación entende que a realización neste momento dun concurso de traslados que incluíra as citadas categorías non axudaría a situar de forma definitiva a maioría do persoal fixo que actualmente ten concedido un traslado provisional, ou un cambio de quenda, ao non poder ofertar a empresa o suficiente número de prazas. Non obstante, de adiar o concurso, tal e como o CI propón, o resultado podería ser non só o esperado pola maioría dos traballadores e traballadoras senón tamén o máis favorable para os intereses da institución ao poder darse as seguintes circunstancias:

- As quendas de promoción interna dos procesos selectivos que actualmente se están a desenvolver poderán, unha vez que conclúan, liberar prazas sobre todo nas categorías de auxiliar técnico de servizos xerais e auxiliar técnico de instalacións deportivas. O resultado destas promocións podería reducir o número de candidatos participantes o que faría máis doado e áxil o concurso.
- A dotación de persoal para as novas instalacións que a Universidade de Vigo quere poñer en funcionamento no futuro inmediato (Escola de Minas, Biblioteca Central de Ourense, o edificio que albergará a representación institucional do reitorado na cidade de Pontevedra...) obrigará a crear novos postos de traballo nas áreas de conserxería e biblioteca. Estas prazas, tras a pertinente negociación, deberán ser incorporadas a RPT e polo tanto poderán ser ofertadas no posterior concurso de traslados.
- A oferta de máis prazas axudaría a estabilizar, tal e como xa se apuntou, a unha parte importante do persoal fixo que actualmente ten concedido un traslado de localidade ou un cambio de quenda provisional.

Esta petición extraordinaria non quita que o CI siga solicitando a convocatoria anual do correspondente concurso de traslados, no que se oferten tódalas prazas consignadas como vacantes, tal e como se recolle no artigo 17 do vixente Convenio Colectivo.

Vigo, 26 setembro de 2005

O SECRETARIO DO COMITÉ  
INTERCENTROS

Asdo.: Manuel Velasco Graña

**SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO**